



PREVENCIÓN E CONTROL DA INFECCIÓN POLO VIRUS SARS-CoV-2 NAS EXPLOTACIÓNS AGRÍCOLAS CON TRABALLADORES TEMPOREIROS



Subdirección xeral de Atención Hospitalaria
Dirección xeral de Asistencia Sanitaria

Santiago de Compostela, 18 de agosto de 2020





Este documento estará en permanente revisión e actualización e dispoñible na páxina web corporativa do Servizo Galego de Saúde en: <https://coronavirus.sergas.es/>

Versión 1: 18/08/2020

Este documento foi consensuado na Comisión Clínica para a Xestión da crise sanitaria do COVID-19



1. Introducción

A COVID- 19 é unha infección respiratoria emerxente causada polo SARS-CoV-2 (*severe acute respiratory syndrome coronavirus 2*), un coronavirus que se detectou por primeira vez en decembro de 2019 na cidade de Wuhan, China. Este abrocho inicial en Wuhan propagouse rapidamente, afectando outras áreas de China e posteriormente a outros países o que levou á Organización Mundial da Saúde (OMS) a declarar a pandemia mundial o día 11 de marzo.

Por outro lado, o Comité de Emerxencias prorrogou, na súa terceira reunión celebrada o día 30 de abril de 2020, a situación de Emerxencia de Saúde Pública de Importancia Internacional (ESPII). Na súa declaración, o Comité instou aos países a estar preparados para conter a enfermidade e interromper a propagación do virus, adoptando medidas firmes para detectar, illar e tratar os casos de maneira precoz, facer seguimento dos contactos e promover medidas de distanciamento interpersoal acordes co risco.

Por este motivo, faise necesario establecer as medidas adecuadas para detectar precozmente os casos e aos seus contactos estreitos en Galicia, co fin de evitar a aparición de brotes na nosa comunidade.

Isto é de especial importancia no ámbito das campañas agrícolas que precisan da contratación de traballadores temporeiros que se desprazan de diferentes zonas xeográficas e que, nalgúns casos, requiren aloxamentos compartidos nos territorios nos que se desenvolve a campaña agraria.

Por este motivo, é necesario maximizar a seguridade sanitaria nestas campañas coa finalidade de conxugar a continuidade da actividade coa saúde dos traballadores do campo e os seus empregadores.



2. Obxectivo

O obxectivo do documento é servir de guía para o establecemento das medidas necesarias para a prevención e control da infección polo SARS-CoV-2 nas empresas que realizan campañas agrícolas con traballadores temporeiros na Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Clasificación e definición dos casos

- **Caso sospeitoso:** calquera persoa cun cadro clínico de infección respiratoria aguda de aparición súbita de calquera gravidade que cursa, entre outros, con febre, tose ou sensación de falta de aire. Ante a presenza doutros síntomas atípicos como a odinofaxia, anosmia, axeusia ou dores musculares, entre outros, é importante buscar outros signos e síntomas adicionais que apoiem a sospeita da infección. Será o xuízo clínico do profesional o que determine a realización de probas complementarias.

A todos os casos sospeitosos indícaráselles illamento e solicitarase unha proba diagnóstica para confirmar a sospeita.

- **Caso probable:** caso con infección respiratoria aguda grave con criterio clínico e radiolóxico compatible con COVID-19 e con resultados de PCR negativos, ou casos sospeitosos de infección polo SARS-CoV-2 con PCR non concluínte.

Os casos probables manexaranse como os casos confirmados.

- **Caso confirmado con infección activa:**
 - Caso con ou sen clínica e PCR positiva.



- Caso que cumpre criterio clínico de caso sospeitoso, con PCR negativa e IgM/IgA positiva por seroloxía de alto rendimento (non por test rápidos).
- **Caso descartado:** caso sospeitoso con PCR negativa e IgM/IgA tamén negativa, se se realizou esta proba, nos que non hai alta sospeita clínica.

3. Liñas de actuación

Neste documento descríbense as liñas de actuación no tocante á vixilancia, prevención e control da infección polo SARS-CoV-2 nas explotacións agrícolas nas que se realiza a contratación de traballadores temporeiros.

3.1. Vixilancia da infección polo SARS-CoV-2

Para evitar a aparición de novos abrochos da infección polo SARS-CoV-2 é necesaria un labor de vixilancia e monitorización continuas, tanto para a detección precoz de novos casos de COVID-19 e dos seus contactos, como para o seguimento dos mesmos.

Ademais, ao tratarse nalgúns casos de traballadores que se desprazan dende unhas campañas agrícolas a outras, recoméndase que a empresa contratante obteña información acerca das empresas nas que os traballadores puideran exercer o seu labor previamente. Desta maneira facilitaríase a organización dos traballadores para a formación de equipos de traballo e a súa posible ubicación en vivendas.



3.1.1. Detección precoz de casos de infección polo SARS-CoV-2

Co fin de levar a cabo esta acción, realizaranse probas de detección de infección polo virus SARS-CoV-2 nos traballadores previas ao inicio da campaña agrícola.

Segundo o Ministerio de Sanidade, no momento actual non se aconsella a realización de PCR a persoas asintomáticas fóra de determinadas estratexias de cribado: detección de casos entre os contactos, en poboacións vulnerables no contexto de brotes ou previamente a algunhas actuacións asistenciais. Poderanse plantexar estratexias de cribado con PCR nas explotacións agrícolas con traballadores temporeiros ante a aparición de brotes. Ademais considerarase a realización de PCR aos traballadores que proveñan de zonas catalogadas de alto risco pola Consellería de Sanidade segundo o disposto na *ORDE do 27 de xullo de 2020 pola que se establecen medidas de prevención para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19 en relación coa chegada á Comunidade Autónoma de Galicia de persoas procedentes doutros territorios.*

En consonancia co que se recolle nesa orde, as persoas que cheguen á Galicia despois de ter estado, dentro do período dos catorce días naturais anteriores á dita chegada, en territorios cunha alta incidencia do COVID-19 (en comparación coa existente na Comunidade Autónoma galega) ou respecto dos cales non se dispoña de información sobre a situación epidemiolóxica existente neles deberán comunicar, nun prazo máximo de 24 horas desde a súa chegada os datos de contacto e de estadía en Galicia. Para tal fin, deberán cubrir o formulario dispoñible no enderezo <https://coronavirus.sergas.gal/viaxeiros> ou ben subministrar os datos chamando ao teléfono 881 00 20 21.

Exceptuando os casos referidos anteriormente, o cribado realizarase mediante test serolóxicos de determinación de anticorpos anti-SARS-CoV-2 (IgG/IgM).



Esta proba interpretarase da seguinte maneira (táboa 1):

- **IgG+ e IgM-:** caso confirmado con infección resolta.
- **IgG+ e IgM+:** realizarase unha PCR de confirmación diagnóstica:
 - Se a PCR é negativa trataríase dun caso confirmado con enfermidade resolta.
 - Se a PCR é positiva valorarase a existencia dun valor do $C_t > 35$ e niveis significativos de anticorpos IgG (preferiblemente neutralizantes). De cumprirse estes supostos poderase considerar que hai baixo risco de transmisión da infección e tomarase unha decisión colexiada entre os servizos de Microbioloxía e Medicina Preventiva. De non darse eses supostos estaríamos ante unha infección activa e indicaría-se illamento domiciliario.
- **IgG- e IgM+:** realizarase unha PCR de confirmación diagnóstica:
 - Se a PCR é negativa e dado que o traballador está asintomático, non habería infección activa. Recoméndase realizar ELISA ou outras técnicas de inmunoensaio de alto rendimento para confirmación.
 - Se a PCR é positiva estaríamos ante un caso confirmado con infección activa e indicaría-se o illamento do traballador.
- **IgG- e IgM-:** descartaría-se infección.



Síntomas	Resultados test anticorpos	Interpretación resultado
TRABALLADORES ASINTOMÁTICOS	IgG+ e IgM-	Caso confirmado con infección resolta
	IgG+ e IgM+	Realización de PCR de confirmación diagnóstica: -PCR negativa : caso confirmado con enfermidade resolta. -PCR positiva : Valoración do C _i . Se é >35 e hai niveis significativos de anticorpos IgG (preferiblemente neutralizantes), poderase considerar que hai baixo risco de transmisión da infección (decisión colexiada entre os servizos de Microbioloxía e Medicina Preventiva).
	IgG- e IgM+	Realización de PCR de confirmación diagnóstica: - PCR negativa : non habería infección activa. Recoméndase realizar ELISA ou outras técnicas de inmunoensaio de alto rendimento para confirmación. - PCR positiva : caso confirmado con infección activa. Indicarase illamento
	IgG- e IgM-	Descartaríase infección

Táboa 1. Clasificación de caso a partir de test serolóxicos IgG/IgM.

O procedemento a seguir para o cribado será o seguinte:

- A empresa deberá elaborar unha listaxe na que consten os seguintes datos dos traballadores contratados: nome e apelidos, data de nacemento, teléfono de contacto, número do documento nacional de identidade (D.N.I.) ou número de identidade de estranxeiro (N.I.E.) e o número da Seguridade Social.



- Esta listaxe será remitida, a través do correo electrónico, á dirección da área sanitaria na que se ubica a empresa (arquivo encriptado).
- O servizo de Admisión da área sanitaria correspondente xestionará as citas dos traballadores para a realización da proba, xerando altas rápidas de ser preciso.
- Así mesmo, remitirase unha listaxe coas datas e lugar para a realización da proba aos traballadores á empresa responsable, que será a encargada de transmitir esta información aos interesados.
- O resultado do test será notificado ao traballador polo profesional sanitario que realiza a proba.
- O servizo de Medicina Preventiva realizará as xestións oportunas para a toma de mostra daqueles casos nos que sexa preciso realizar unha PCR/seroloxía de confirmación diagnóstica. A toma de mostra deberá realizarse no mesmo día.
- O resultado da PCR/seroloxía deberán estar dispoñibles o antes posible, establecéndose un prazo máximo de 24 horas.
- Os resultados positivos serán comunicados aos traballadores polos seus médicos de familia ou polo servizo de Medicina Preventiva que informarán, das medidas a seguir (illamento domiciliario).
- Os resultados negativos notificaranse aos traballadores a través dun SMS. De non ser posible, seguirase a canle de comunicación anterior.
- O seguimento dos casos confirmados con infección activa será realizado por un médico de familia. A identificación e seguimento dos seus contactos estreitos realizarase pola Central de seguimento e a





Xefatura Territorial de Sanidade correspondente segundo o protocolo establecido.

- Aos contactos laborais estreitos dos casos con infección activa indicaráselles realizar corentena no domicilio.

En ningún caso, permitirase que un traballador acuda ao seu posto de traballo se presenta un resultado compatible con infección activa polo SARS-CoV-2.

3.1.1. Detección precoz de casos de infección polo SARS-CoV-2 ante a aparición de brotes e nos supostos recollidos na orde do 27 de xullo de 2020

Para poder levar a cabo esta actuación, realizarase unha PCR aos traballadores contratados independentemente do contacto que tivesen co caso detectado.

Esta proba interpretarase da seguinte maneira:

- PCR negativa: descartaríase infección polo SARS-CoV-2.
- PCR “RNA residual”: baixa probabilidade de contaxio. Neste caso valorarase a existencia dun valor do $C_t > 35$ e niveis significativos de anticorpos IgG (preferiblemente neutralizantes). De cumprirse estes supostos poderase considerar que hai baixo risco de transmisión da infección e tomarase unha decisión colexida entre os servizos de Microbioloxía e Medicina Preventiva
- PCR positiva: trataríase dun caso confirmado con infección activa e polo tanto indicaríase illamento.

Seguiranse os procedementos para o control de brotes e seguimento e identificación de contactos establecidos.



En ningún caso, permitirase que un traballador acuda ao seu posto de traballo se presenta un resultado compatible con infección activa polo SARS-CoV-2 ata a valoración clínica pertinente, ou de ser contacto estreito dun caso confirmado.

3.1.2. Vixilancia activa da aparición de casos de COVID-19

De maneira adicional á realización das probas de detección de infección polo SARS-CoV-2, ao longo da campaña agrícola e previo ao inicio da actividade laboral, o traballador realizará un autocontrol de síntomas relacionados coa COVID-19¹. En caso de aparición dalgún deles o traballador deberá illarse e chamar ao centro de saúde ou ao 900 400 116 ou, no caso de non residir en Galicia e non ter médico de familia asignado, o 881 00 20 21.

3.2. Prevención da infección polo SARS-CoV-2

A estratexia desta liña de actuación baséase na aplicación de medidas dirixidas a protexer aos traballadores, reducindo a probabilidade de contaxio da infección polo SARS-CoV-2.

Con tal fin, e sobre a base da realización da avaliación do risco, elaboraranse por parte das empresas responsables, plans de continxencia que deberán detallar as medidas concretas que se van a adoptar para diminuír os riscos de contaxio da COVID-19 (organización de equipos de traballo, de residencia e de transporte estables, establecemento de circuitos de entrada e saída das instalacións, proporcionar información e formación dos traballadores, subministrar equipos de protección individual, etc.) e o protocolo de actuación en caso de detección de traballadores infectados ou que estiveran en contacto cun caso confirmado de COVID-19.

1 Os síntomas máis comúns da Covid-19 son: febre, tose e dificultade respiratoria. Outros síntomas poden incluír: cansazo, dores musculares, dor de garganta, dor de cabeza, diarrea, vómitos. Algunhas persoas perden o sentido do olfacto ou do gusto.



Durante a elaboración do plan de continxencia é importante a coordinación cos responsables dos aloxamentos comúns (residencias temporais, hostais, albergues, etc.), as administracións locais, empresas de contratación de traballo temporais, etc. co fin de establecer canles de intercambio de información que permitan a adopción rápida de medidas ante a aparición dun caso sospeitoso de COVID-19.

Os eixos principais da estratexia de prevención serían a información e formación dos traballadores, a aplicación de medidas de protección persoal, a adaptación da organización laboral á situación epidemiolóxica existente e o establecemento de medidas de limpeza, desinfección e ventilación.

3.2.1. Formación e información

Un dos pilares básicos da prevención da infección é a adecuada información e formación dos traballadores. Así, faise necesario garantir a comunicación adecuada e continua da información actualizada sobre as características da enfermidade (mecanismo de transmisión, sintomatoloxía, etc.), medidas de prevención da transmisión da infección polo SARS-CoV-2 e protocolos de actuación facendo fincapé no uso correcto das máscaras e na hixiene de mans e respiratoria.

Informarase das medidas de prevención da infección polo SARS-CoV-2 mediante o emprego de cartelería situada en lugares estratéxicos (entrada do lugar de traballo, lugares de tránsito, aseos, vestiarios, comedores, aloxamentos, etc.). Incidirase na importancia da hixiene de mans e respiratoria, uso de máscaras cirúrxicas/hixiénicas, así como no mantemento das medidas de distanciamento interpersoal.

Así mesmo, a empresa proporcionará ao traballador, xunto coas medidas de prevención e protección, unha relación de síntomas que debe vixiar así como o procedemento a seguir en caso de padecerlos (chamar ao centro de saúde ou ao 900 400 116 ou, no caso de non residir en Galicia e non ter médico de





familia asignado, o 881 00 20 21). En ningún caso permitirase que un traballador acuda ao seu posto de traballo de presentar calquera sintomatoloxía que puidera estar asociada coa infección polo SARS-CoV-2, ata a valoración clínica pertinente. Tampouco deberá acudir no caso de ser un contacto estreito dun caso confirmado.

Toda a información, formación ou documentación de apoio realizarase e entregarse nun idioma comprensible para a persoa traballadora. Neste sentido, poderanse empregar, ademais dos materiais publicados polo Servizo Galego de Saúde en castelán e galego, os publicados polo Ministerio de Sanidade en diferentes idiomas (inglés, árabe, francés, rumano).

Por outra banda, para diminuír o risco de transmisión da infección polo SARS-CoV-2 por contacto indirecto, deberase evitar compartir obxectos de uso individual, alimentos, bebidas, etc.

3.2.2. Medidas de protección persoal

Os traballadores deben coñecer o plan de continxencia elaborado e, de maneira específica, as súas responsabilidades no marco da xestión do risco.

Con respecto ás medidas de protección persoal, deberán manterse e reforzarse en todos os ámbitos de traballo as seguintes medidas de precaución:

- Os traballadores deben evitar o contacto físico e respectar a distancia de seguridade interpersoal de 1,5 metros sempre que sexa posible.
- Deberase seguir a normativa vixente en Galicia en canto ao emprego obrigatorio de máscara cirúrxica/hixiénica por parte de todo o persoal da empresa.



- O traballador realizará unha adecuada hixiene de mans: lavado frecuente (antes, durante e despois da xornada laboral) e meticuloso das mans con auga e xabón cando estean visiblemente suxas e despois de usar o inodoro. No resto de situacións poderanse empregar solucións/xeles hidroalcohólicos ou antisépticos con capacidade virucida.
- Evitar tocar os ollos, o nariz e a boca para evitar a transmisión a través das mans.
- Hixiene respiratoria – Etiqueta respiratoria:
 - Usar panos desbotables ao tusir ou esberrar e desbotalos nunha papeleira (preferentemente de accionamento non manual) tras o seu uso. De non dispoñer de panos desbotables, cubrir a boca e o nariz coa flexura do cóbado.
 - Despois de tocar secrecións respiratorias (esberrar, tusir, uso de panos) e/ou obxectos que poideran estar contaminados, deberase realizar unha hixiene minuciosa das mans.
- Desinfectar frecuentemente, ao longo de toda a xornada laboral, os obxectos de uso persoal (lentes, móbiles, etc.) con auga e xabón cando sexa factible ou cunha solución desinfectante. Non obstante, deberase limitar o número de obxectos persoais no posto de traballo. No cambio de quenda, deberanse desinfectar os elementos do posto de traballo que se puideran compartir (caixas de recollida de froita, maquinaria, equipos e ferramentas de traballo, etc.) e realizar a correcta limpeza e desinfección de superficies.



3.2.3. Medidas organizativas

En relación ás medidas organizativas deberanse manter ou establecer aquelas que diminúen o risco de infección polo SARS-CoV-2, adaptándoas ao escenario epidemiolóxico existente en cada momento.

As empresas deben establecer as accións necesarias para aprovisionarse dos recursos necesarios para garantir a protección individual dos traballadores e clientes (solucións/xeles hidroalcohólicos, mamparas de protección, máscaras, pantallas faciais, luvas, etc.). Deberanse colocar xeles hidroalcohólicos en puntos estratéxicos e de doado acceso para os traballadores

Así mesmo, deberán planificar as tarefas e procesos de traballo de tal maneira que se garanta a distancia interpersonal de seguridade (1,5 metros) e se minimicen os contactos estreitos:

- O traballo organizarase en equipos/grupos de traballadores que, na medida do posible, moveranse e desprazaranse sempre xuntos evitando o contacto con persoas doutros grupos. As actividades deberán planificarse de tal maneira que non se produzan encontros de distintos grupos de traballadores nos espazos e zonas comúns.
- A empresa deberá controlar e rexistrar os desprazamentos dos equipos de traballo durante a xornada laboral (explotación agraria, almacén, etc.).
- No caso de existir quendas de traballo, estas organizaranse, de maneira que sempre se concentren os mesmos empregados nas mesmas quendas.
- As pausas de descanso e comidas planificaranse en quendas correspondientes aos diferentes equipos de traballo co fin de evitar os contactos entre diferentes grupos. Na medida do posible, as pausas



realizáranse en espazos abertos ou, de ser o caso, cunha ventilación axeitada e mantendo a distancia de seguridade.

- Prohibíranse os sistemas de reparto de auga potable que conleven un uso compartido recomendándose o uso de botellas individuais que se podan reencher na explotación. Así mesmo non se permitirá compartir alimentos e bebidas e fumar se non se garda unha distancia de alomenos 2 metros.
- Estableceranse circuitos diferenciados de entrada e saída e de ser posible, graduar os horarios de entrada e saída dos traballadores para evitar aglomeracións. En todo caso, manterase a distancia de seguridade interpersoal de 1,5 metros entre as persoas traballadoras.
- De existir un sistema de control de asistencia que requira un contacto coa persoa traballadora, garantírase a dispoñibilidade e o uso de xeles/solucións hidroalcohólicas ou desinfectantes con capacidade virucida antes e despois do seu uso.
- Evitarase o acceso de persoal alleo á empresa que non sexa esencial para o desenvolvemento da actividade. De ser imprescindible o acceso de dito persoal, levarase a cabo un censo do mesmo que será custodiado durante trinta días conforme a Lei Orgánica de Protección de Datos.
- Nas zonas comúns establecerase un aforo que permita o mantemento da distancia de seguridade e evítaranse as aglomeracións nas entradas e saídas destas zonas.
- A ocupación máxima para o uso dos aseos será dunha persoa para espazos de ata 4 metros cadrados. Para aseos de máis de catro metros cadrados que contén con máis dunha cabina ou urinario, a ocupación



máxima será do 50% do número de cabinas e urinarios que teña a estancia.

- Procurarase o uso individual dos útis e equipos de traballo. De non ser posible, deberán desinfectarse antes e despois do seu uso.

No que respecta ao desprazamento dende e cara ao lugar de traballo, tanto se se trata de vehículos particulares dos traballadores como de transporte colectivo, deberanse ter en conta as seguintes recomendacións:

- Deberase planificar o transporte de tal maneira que os ocupantes pertencen ao mesmo equipo de traballo.
- Todos os ocupantes portarán máscara e realizarán hixiene de mans antes de entrar no vehículo.
- Ventilarse o vehículo antes, durante e despois do traxecto (apertura de portas ou ventás por exemplo). Non se deberá usar a función de recirculación do aire no interior.
- Realizarase unha limpeza e desinfección do interior do vehículo alomenos unha vez ao día, incidindo nos elementos de maior contacto (mandos, cintos de seguridade, dispositivos de apertura de portas, etc.) que poderían ser desinfectados despois de cada uso do vehículo.

En relación aos lugares de aloxamento proporcionados pola empresa ou entidades municipais, seguiranse as seguintes medidas:

- A organización das vivendas deberá realizarse dacordo aos grupos ou equipos de traballo establecidos.
- As empresas aseguraranse da dispoñibilidade de medios de prevención e protección apropiados fronte á COVID-19 nas residencias temporais



postas a disposición dos traballadores. Como mínimo deberán contar con auga potable na red de subministro, conexión á red eléctrica e saneamento de augas residuais.

- Garantirase a provisión de auga, xabón, papel e solucións desinfectantes nos aseos e zonas comúns das residencias.
- Realizarase unha análise detallada das infraestruturas e características dos aloxamentos (número de andares, de habitacións, sistemas de acceso, zonas comúns, etc.) para a adopción de medidas, analizando a posibilidade de división destes en áreas ou sectores diferenciados para os residentes (que na medida do posible coincidirán cos grupos de traballo).
- Deberase ter prevista e definida unha zona de illamento/corentena ante a posibilidade de aparición de casos de COVID-19 ou de contactos estreitos.
- No caso nos que o cambio da roupa de traballo sexa realizado na explotación unha vez finalizada a xornada, introducirase nunha bolsa de plástico ata o seu lavado posterior. Procurarase lavar a roupa de traballo todos os días a unha temperatura superior a 60°C cando sexa posible.
- Restrinxiranse todas as visitas sen vinculación cos traballadores residentes de non ser estritamente necesarias.
- Os aloxamentos deberán contar cun plan de limpeza e desinfección para o que se designará unha persoa responsable.





3.2.4. Medidas de limpeza, desinfección e ventilación

As medidas mínimas de limpeza e desinfección que debe contemplar o plan de continxencia serían:

- Deberase planificar un reforzo de limpeza e desinfección dos locais, equipos e instalacións conforme ás características e intensidade do seu uso (alomenos unha vez ao día).
- As zonas de uso común (vestiarios, zonas de descanso, etc.), equipos e obxectos que se manipulen con frecuencia (pasamáns, interruptores, pomos de portas, etc.), equipos e ferramentas de traballo e zonas dos vehículos (agrícolas ou non) que podan ser utilizadas por máis dun traballador (volante, mandos, salpicadero, tiradores de apertura de portas, etc.) deberán desinfectarse con maior frecuencia á limpeza diaria.
- Os aseos deberán contar con dispensador de xabón e papel de secado (asegurando a reposición de consumibles en todo momento) e papeleira con apertura de accionamento non manual e dobre bolsa interior. En todo caso, evítanse as toallas non desbotables, incluso as de uso individual. Os aseos limpiaranse e desinfectaranse alomenos 2 veces por xornada, aumentando a periodicidade de ser necesario.
- Todas as tarefas de limpeza e desinfección realizaranse sempre con máscara e luvas dun so uso e gafas de protección contra salpicaduras, de ser necesario. Antes e despois de realizada a limpeza, tras quitar as luvas e a máscara, o persoal de limpeza realizará unha completa hixiene de mans con auga e xabón.
- Os espazos pechados, incluídos os locais dos aloxamentos, deberán ventilarse de maneira natural varias veces ao día e sempre con anterioridade e ao finalizar o seu uso durante alomenos cinco minutos.



- Se os aseos dispoñen de extractor, este deberá manterse en funcionamento contínuo, de ser posible.
- Deberase asegurar unha correcta renovación do aire do local. De non ser posible unha correcta ventilación natural, deberanse axustar os sistemas de climatización/ventilación e extracción de aire para aumentar o número de renovacións por hora ou a porcentaxe de aire limpo exterior (28m³/s), de forma que se evite no posible, a recirculación do aire interior (traballando coa máxima porcentaxe de aire limpo exterior que sexa posible).
- Non se recomenda o emprego de ventiladores (de sobremesa, de aspas, etc.).

3.3. Control da infección polo SARS-CoV-2

Esta liña estratéxica recolle o conxunto de intervencións que tratan de evitar que as persoas infectadas diseminen a enfermidade. Para elo, débese incidir tanto nas medidas de detección precoz de casos e do seu illamento, como na identificación dos seus contactos.

Neste sentido, a empresa deberá colaborar coa autoridade sanitaria no labor de vixilancia e identificación de posibles casos de COVID-19 e os seus contactos.

Con este obxectivo, a empresa deberá manter un rexistro (electrónico de ser posible) coa relación dos traballadores contratados, os seus números de teléfono de contacto, o grupo de traballo ao que pertencen e o lugar de aloxamento.

En ningún caso, a empresa permitirá que un traballador permaneza no seu posto de traballo no caso de presentar síntomas compatibles coa COVID-19,



ata a valoración clínica pertinente, ou de ser contacto estreito dun caso confirmado.

4. Colaboración na xestión da incapacidade temporal

Co obxectivo de protexer a saúde pública, considéranse, con carácter excepcional, situación asimilada a accidente de traballo, exclusivamente para a prestación económica de incapacidade temporal do sistema da Seguridade Social, aqueles períodos de illamento ou contaxio das persoas traballadoras provocado polo virus SARS-CoV-2 (Artigo 5 do Real Decreto-lei 6/2020, de 10 de marzo, polo que se adoptan determinadas medidas urxentes no ámbito económico e para a protección da saúde pública).